



ACTIVIDADES DO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA E DA SÚA ASOCIACIÓN DE AMIGOS

O Museo do Castro de Viladonga desenvolveu, entre maio de 2017 e abril de 2018, diversas actividades encadradas nas súas funcións de divulgación, documentación, investigación e conservación do patrimonio cultural.

No eido das actividades de **divulgación e difusión**, durante o mes de xuño de 2017 programouse a actuación da compañía Teatro do Miolo que, como en anos anteriores, ofreceu, a través dunha historia de amor imposible, unha visión lúdica e divertida da vida no castro dirixida ó público escolar.

A primeiros de xullo colaborouse de novo co Campus Terra da USC, Campus de Lugo, realizando unha visita participativa para os alumnos da súa actividade de divulgación de ciencia e tecnoloxía "Xuvenciencia"; trátase dun grupo de rapaces de idades comprendidas entre os 15 e os 18 anos e procedentes de distintas localidades de Galicia, España, Portugal e Brasil que participaron en distintos obradoiros e no traballo interno que se leva a cabo tanto no museo como no castro.

No mes de setembro realizouse o segundo *Obradoiro experimental de cerámica castrexa*, a cargo da restauradora e ceramista Sandra Obarrio, da Fundación Terra Termarum de Castrolandín, que consiste na realización, por cada un dos participantes, dunha peza de cerámica feita e decorada a man que, despois de seca, cócese nun forno aberto con combustible vexetal, imitando a tecnoloxía de produción de cerámica da Idade do Ferro en Galicia.

No mes de decembro, con motivo da celebración do Nadal, actuou a compañía de teatro de marionetas Trécola, coa obra "O agasallo de Anya," de teatro infantil.

Xa en 2018, no mes de marzo, desenvolveuse un obradoiro de cerámica a torno para alumnos de educación infantil, primaria e secundaria coa orientación dos artesán da empresa lucense "Barroenvivo".

Estas actividades viñeron completar aquelas que se ofrecen de xeito habitual ó longo de todo o ano, é dicir, as visitas didácticas para escolares, e os obradoiros de arqueoloxía, cerámica a man e acuñación de moeda atendidos polo persoal do museo.



O museo celebrou tamén tres eventos que se conmemoran a nivel galego e internacional, como son o Día das Letras Galegas (17 de maio), o Día Internacional dos Museos (18 de maio) e a Noite dos Museos (o 20 de maio en 2017); neste marco, o grupo de música tradicional galega, Os Minhotos, ofreceron un concorrido concerto o Día das Letras

Galegas; o Día Internacional dos Museos, con acceso libre e gratuito, houbo unha demostración do traballo da forxa a cargo do ferreiro Friedrich Bramsteidl de Sta Eulalia de Oscos; por fin, dentro das actividades da Noite dos Museos, programouse un obradoiro de creación de brinquedos dirixido polos membros da Sociedade Cooperativa Galega Miudiño e as actuacións do home orquestra Cé Orquestra Pantasma e de Davide Salvado e Pedro Pascual.



No referente ás actividades de **documentación, investigación e conservación**, entre setembro e outubro levouse a cabo unha nova campaña do proxecto *Traballos de escavación, acondicionamento e consolidación arqueolóxica no castro de Viladonga*, financiado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura con fondos Feder e realizado pola empresa Terra Arqueos. Os traballos desta campaña consistiron na limpeza, escavación, reescavación e consolidación da parte sueste da croa do castro, onde se descubriron senlleiros materiais (unha fouce e varias asas de bronce, entre outros) e dun tramo da muralla, na que se destapou unha nova escaleira.

O museo segue recibindo os materiais arqueolóxicos procedentes das escavacións arqueolóxicas de xacementos de Lugo cidade e provincia, que se custodian nun almacén externo ó mesmo. Varios investigadores atópanse estudando materiais gardados neste almacén, como os atopados no castro de Punta Atalaia en Cervo, no castro de Formigueiros en Samos ou na Domus do Mitreo de Lugo.

A xestión documental de todos estes materiais así como dos do castro de Viladonga faise coa aplicación informática Domus que é un sistema integrado de documentación e xestión museográfica que facilita o inventario e catalogación exhaustivos dos obxectos, así como a súa localización e relación cos expedientes administrativos que levan asociados.

O museo continuou tamén coa colaboración con investigadores de varias universidades como as de León e a do País vasco e segue dirixindo e supervisando as prácticas de alumnos de grao e máster das Facultades de Humanidades e Formación do Profesorado da USC e da Universidade de Vigo, colaborando así na formación de novos profesionais da xestión do patrimonio.

No que se refire á **restauración**, contouse durante 6 meses co apoio dunha bolseira que colaborou coa restauradora do museo na limpeza e restauración de pezas e na realización de novas embalaxes, especialmente aquelas que permiten protexer ós materiais do museo e do almacén que presentan máis problemas de conservación e mellorando algúns embalaxes de materiais procedentes de escavacións arqueolóxicas que resultan inadecuados debido á inexistencia de pautas e criterios normativizadores que regularicen a súa entrega.

En 2017 publicouse o nº 27 da revista Croa, órgano de expresión científica e cultural do museo.

A Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, continúa a estreita colaboración co museo na organización da Noite dos Museos, na que se encarga do refrixerio que se ofrece ó anoitecer ós participantes na festa e coa adquisición de reproducións de diversas pezas do museo que se venden na tenda deste. Atópase tamén traballando na elaboración dunha nova páxina web que recollerá contidos específicos da Asociación de Amigos contribuíndo tamén á difusión do museo e do castro.